

PROPOSTA DE HORTAS EN TEMPO DE COVID 19 PARA O PROGRAMA ESCOLAR 2020/21 CONCELLO DE OLEIROS

1.- Introducción e reflexión inicial.

No mes de Marzo, do ano 2020, sorprendeunos na nosa vida cotiá un virus moi contaxioso, a Covid-19, que desmantelou a nosa saúde, seguridade e calidade de vida, obrigándonos a cambiar á forza e de contado todos os nosos costumes, quedando suspendida a actividade lectiva presencial durante meses e no que restaba do curso escolar. A evolución da pandemia no mundo e no territorio galego fixo posible que xa no verán se retomasen algunhas das actividades que quedaran interrompidas organizándose xa en xullo e agosto programas de educación ambiental no ámbito do lecer educativo, como os desenvoltos satisfactoriamente polo Concello de Oleiros cos nenos e nenas a partir dos 6 anos nun dos centros escolares do municipio .

Unha vez pasada esta primeira onda epidémica, é necesario recuperar a normalidade progresiva na actividade educativa coas necesarias precaucións. Cómpre retornar á actividade lectiva presencial en todos os centros que imparten ensino tendo en conta os protocolos de prevención e organización do regreso á escola, un lugar de encontro no que aprender e socializar. Neste momento actual nos que está chegando a segunda onda da epidemia resulta imprescindible buscar o equilibrio, estar alerta e sopesar na balanza as vantaxes, que poden ser moitas, e tamén inconvintes, poñendo todas as medidas para minimizalos á hora de desenvolver estes programas de educación ambiental tan asentados xa na escola.

2.- Obxectivos

Propoñemos logo seguir mantendo os obxectivos no seu ámbito xeral, modificados e adaptados á nova realidade, responsable, prudente e coidadosa coa saúde. Seguiremos mantendo o traballo en grupo, **en pequeno grupo**, coa máxima distancia posible, compartindo experiencias lúdicas no medio, potenciando o contacto directo co medio, aumentando os lazos de amizade entre os participantes, desenvolvendo a súa autonomía, estimulando os hábitos saudables cunha proposta aumentada pola situación e educando na igualdade

O noso obxectivo final, nesta situación, é poder seguir aos centros escolares a nosa experiencia e profesionalidade, desenvolvendo actividades de educación ambiental complementarias en tempo lectivo , entre elas a horta escolar



**Concello de
Oleiros**



3.- Programa de Horta Escolar

Propoñemos logo acoutar e modificar o programa para este novo curso escolar, adaptándonos ás circunstancias restritivas pola Covid-19, e ao que vaian marcando as autoridades sanitarias en cada momento en función da situación epidemiolóxica.

Horario.- pola mañá, en tempo lectivo, en sesións de un máx de 50'

Idades.- aulas de Infantil de 4- 5 anos e 1º e 2º de Primaria de 5 a 8 anos

Lugares: centros escolares de educación infantil e primaria (1º ciclo): CEIP A Rabadeira , CEIP I.Parga Pondal,CEIP Juana de Vega, CEIP L.Seoane e CEIP V.Inclán

Participantes: Grupo aula en subgrupos de 5 participantes simultaneamente.

Educadores: 1 por grupo. (e/ou, coa participación de mestre e/ou coidador se é posible)

Adaptacións contexto COVID 19: Reducir o número de participantes dentro do espazo da horta (máx 5)/ acoutar a idade dos participantes (aproximar aos 4 anos cumpridos)

Cos nenos de 3º curso de educación infantil propoñemos comezar na primavera.

Desta forma faríamos unha incorporación gradual do conxunto do alumnado de infantil ao programa da horta escolar adaptándonos ao nivel evolutivo dos pequenos e pequenas e facilitando as adaptacións aos protocolos COVID-19 que serían ensaiados primeiro cos maiores

4.- Medidas específicas para a actividade de horta

Para desenvolver o programa de horta escolar no contexto da COVID-19 terase en conta en todo momento a resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello interterritorial do sistema nacional de saúde pública (DOG nº 174 bis do 28-08- 2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, ademais dos Plans de Adaptación á situación COVID19 para o curso 20-21 elaborados polos diferentes centros escolares de Educación Infantil e Primaria que participarán no mesmo

As medidas a adoptar teñen por obxecto previr e evitar a propagación do COVID por parte de todos os que participan da comunidade educativa: mestres/as, alumnos/as, educadores/as, coidadores/as.

5.- Medidas específicas e actuacións para poñer en marcha a horta escolar

- A horta escolar constitúe un recurso educativo moi importante e especialmente acaído nestes tempos de pandemia por realizarse ao aire libre en contacto directo co medio
- Na medida do posible intentarase facer a actividade da horta en grupos estables (de entre 4 e 5 participantes, preferiblemente sempre os mesmos) para reducir a interacción física entre eles, minimizar os riscos de contaxio e mellorar a trazabilidade



dos contactos. Grupos que xa veñen funcionando habitualmente na aula e organizados polo profesor/a

- O educador/a da horta recollerá aos alumnos na porta de entrada a aula ou no propio recinto da horta se houbera algún mestre que puidese acompañar ao grupo a este punto, reducindo así os desprazamentos do educador da horta polo centro escolar
- Recoméndase dispor dun calzado exclusivo para a horta (botas). Os participantes deberían cambiálo ao acceder ou saír da aula no lugar e coa supervisión de quen corresponda (mestre ou educador horta segundo se determine)
- Máscara.- Entendemos que, independentemente das recomendacións e ou obrigación do uso da máscara a nivel xeral, nas actividades educativas e por solidariedade con toda a comunidade debemos promulgar hábitos que contribúan á concienciación sobre os beneficios do emprego da máscara. Na actualidade no mercado existen diferentes tipos de máscaras, algunhas delas mesmo compostables e elaboradas con material orgánico que serían moi recomendables.
- Aínda que a normativa recolle que só é de uso obrigatorio para o profesorado/educadores/coidadores e alumnado maiores de 6 anos, sendo recomendable o uso para Infantil, consideramos que nesta actividade concreta de horta na que resulta practicamente imposible respectar as distancias mínimas de seguridade e que o grupo estaría en contacto con un educador/a de horta que non forma parte dun único grupo de convivencia nin tan sequera dun único centro escolar, sería imprescindible que todos os alumnos e alumnas levaran máscara (hixiénica). Para aqueles alumnos que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización sería necesaria a presenza dun coidador ou mestre de apoio que axude e vixie a estes alumnos para minimizar riscos . A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditado polo pediatra ou facultativo/a do alumno/a.
O educador ou educadora da horta empregaría en todo momento máscara cirúrxica ou FFP2. Será de uso obrigatorio e permanente pola súa función de protección e carácter exemplificante. Ademais terá a súa disposición pantalla protectora para o seu uso en situacións puntuais ou con grupos concretos cos que sexa recomendable o seu uso.
- Luvas.- Para realizar certas tarefas da horta o educador/a poderá utilizar luvas de traballo agroforestal xardín. Aínda que nalgúns protocolos se fai mención á non recomendación de luvas, para esta actividade de horta en concreto se podería valorar con cada mestre /a o uso deste elemento individual por parte do alumnado que podería traer cada participante (luvas de tea indicadas para o traballo dos pequenos no xardín) encargándose as familias de lavalos en cada sesión.
- Cando sexa necesario empregar material común (láminas, contos e outro material didáctico... distribuírase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego ou en coretena segundo o tipo de material.
- Uso de ferramentas/regadeiras/. Cada un destes elementos só poderían ser utilizados nunha mesma sesión por un único alumno/a para o que procuraríamos empregar elementos que se poidan diferenciar claramente para evitar confusións (por



formas/cores/adhesivos...). Todos eles serán desinfectados ao rematar a sesión cos produtos con actividade virucida, autorizados e rexistrados que se recollen nos protocolos. Teríanse sempre dous xogos completos destas ferramentas que se irían alternando para axilizar esta tarefa.

- En todas as tarefas que se realicen na horta procuraremos aumentar a distancia de traballo entre o alumnado para intentar o distanciamento físico dos nenos e nenas e tamén facilitar o traballo coas ferramentas propias.
- Iniciarase a primeira sesión cunha dinámica informativa, por parte do educador/a, aos participantes sobre como cumprir as medidas de seguridade vixentes e específicas para este programa facendo especial fincapé na responsabilidade individual e nas normas de hixiene e convivencia. Esta formación será continuada e será parte transversal de todo o programa, dedicando diariamente un tempo a esta causa en actividades ou dinámicas. Reforzarase visualmente esta formación con carteis didácticos informativos.

Como norma común e punto de partida, seguiranse as recomendacións de boas prácticas do Ministerio de Sanidade á hora de evitar contaxios entre os participantes. **Insistiremos na** necesidade de evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca., informar da importancia de que se alguén tose ou esbirra, debe cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano que deberá ser desbotado de inmediato no colector axeitado, manter ben colocada a máscara, non compartir auga nin alimentos, manter as distancias de seguridade...

- A hixiene de mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico segundo a dispoñibilidade de cada centro escolar será obrigatoria ao inicio e ao remate da sesión. Faríase no lugar máis próximo á horta para evitar que toquen superficies e elementos comúns como pasamáns... nos desprazamentos.
- Os participantes nesta actividade non deberán levar á horta ningún xoguete ou elemento que non sexa necesario para desenvolver esta actividade e que poda supor un foco de contaxio.
- Procurarase que os participantes non teñan que facer uso dos aseos no tempo que dure a súa sesión de horta. De telos que usar establecerase especificamente como facelo con cada un dos grupos seguindo as recomendacións da mestra/mestre
- Para cando non sexa posible desenvolver a sesión no recinto da horta por tempo adverso (chuvia, frío ou calor extremo...) o centro escolar deberá ter prevista unha sala, aula ou espazo a cuberto no que se cumpran as mesmas garantías de seguridade e hixiene que nas aulas convencionais (ventilación, hidroalcohol dispoñible, papeleira con tapa de pedal...) e establecer o mecanismo para comunicar o uso da mesma á fin de que se tomen as medidas necesarias para que poida ser utilizada con garantías por outros grupos despois de ser utilizada por nós
- O centro escolar deberá proporcionar ao educador/a da horta un lugar/almacén no que se poida gardar o material e ferramenta habitual da horta, encargándose o educador de mantelo en boas condicións de seguridade e hixiene. (naqueles centros nos que sexa difícil habilita este espazo poderíanse achegar recipientes, baúl ou armario para gardar as cousas: ferramentas, terra, capachos...)



5.- Medidas a adoptar polos educadores e educadoras

- Os educadores e educadoras disporán os equipos de protección axeitados ao nivel de risco (máscaras, xeles, botica básica...) que permitan a protección adecuada, cumprindo así coas medidas hixiénicas sanitarias e facendo da horta un “Espazo seguro”.
- Todos os educadores e educadoras recibiron un curso de formación para profesionais do tempo libre no marco da crise sanitaria do COVID19 organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia
- Cada un dos educadores e educadoras que desenvolvamos o programa de hortas escolares comprometémonos a ter presente o protocolo e plan de actuación elaborado polo centro escolar no que desenvolvamos o traballo e manter unha comunicación fluída co equipo COVID designado por cada centro sendo moi recomendábel que cada educador reciba información concreta do equipo COVID sobre os protocolos de comunicación de posibles casos ou aclaracións respecto dos protocolos e plans de actuación.
- Os educadores/as que acudan ao centro educativo realizarán unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que os haxa , que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I da normativa arriba referenciada , que debe realizarse antes da chegada ao centro. Se houbese sintomatoloxía compatible coa COVID non acudirá ao centro educativo e comunicará de inmediato ao Concello de Oleiros e ao centro educativo(equipo COVID) a súa ausencia e dispoñibilidade de seguir as instrucións que marquen as autoridades sanitarias. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario poñéndose en contacto co centro de saúde ou facultativos da mutua que determinarán o protocolo a seguir . En caso de que inicie síntomas no propio centro abandonará o centro escolar protexido coa máscara cirúrxica seguindo as instrucións do seu centro de saúde, cumprindo os protocolos do centro para estes casos e informando ao equipo COVID da escola

6.- Protocolo de actuación ante a aparición de síntomas Covid 19.

1.- Non asistirán ao centro escolar aqueles alumnos, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID. Tampouco aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica

Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

2.- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda



**Concello de
Oleiros**



Concellería de Ensino
e Xuventude

bolsa de lixo, con peche, para seu depósito. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

O educador/educadora en caso de que inicie síntomas no propio centro abandonará o centro escolar protexido coa máscara cirúrxica seguindo as instrucións do seu centro de saúde, cumprindo os protocolos do centro para estes casos e informando ao equipo COVID da escola

Se algún dos alumnos que participa da actividade presentase algún síntoma sospeitoso comunicarao inmediatamente (preferentemente por teléfono) ao profesor da aula, se este non está presente ou membro do equipo COVID, para que este inicie o protocolo aprobado polo centro escolar